

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

C E R T I F I C A :

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 28/11/2023, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: Apertura electrónica dos sobres B, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto SARA convocado para a contratación do Servizo de copia de seguridade na nube para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2023037975).

A Mesa de Contratación, na reunión do 232811/2023, procedeu á apertura dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto sara convocado para a contratación do **Servizo de copia de seguridade na nube para a Deputación de Pontevedra**, sendo os licitadores admitidos os seguintes:

- EAM SISTEMAS INFORMÁTICOS S.L. B47390687
- INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA S.L. B62758602
- EDNON S.L. B36938009
- ALTIA CONSULTORES S.A. A15456585
- OMEGA PERIPHERALS S.L. B60343076

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga da documentación dos sobres "B", correspondentes aos criterios da avaliación mediante xuízos de valor.

Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres "B" ao persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías, para que avalíe e pondere as propostas técnicas segundo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexe este procedemento.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

